

## Síntese.

*“O Xardín Autóctono: o valor da Biodiversidade”* é unha proposta feita dende e para o Parlamento de Galicia co propósito de divulgar a importancia da conservación da biodiversidade por medio da selección de varias especies representativas do conxunto da flora, fauna e os ecosistemas que conforman a paisaxe de Galicia. Un xesto simbólico que quere tomar a súa forma nun recuncho dos xardíns do Parlamento para identificar este xardín coma un espazo homenaxe ao patrimonio natural galego e a necesidade da súa conservación.

A acción do “Xardín Autóctono” contempla varias medidas a desenvolver localizadas nos xardíns situados na parte da fachada principal do edificio do Parlamento. Proponse unha intervención de acondicionamento por medio da introdución de varias especies que teñen coma común denominador a de ser árbores e plantas autóctonas representativas das principais paisaxes e espazos naturais galegos.

Esta iniciativa parte co propósito de divulgar a importancia da conservación da biodiversidade e coma homenaxe ao patrimonio natural, cultural e etnográfico galego, para que por medio da selección de especies vexetais representativas da paisaxe forestal e ecosistemas galegos teñamos sempre presente a necesidade e responsabilidade de facer un esforzo continuo que nos implique a todos na conservación da nosa diversidade biolóxica e a súa riqueza forestal, cultural, e as súas paisaxes.

Forma parte das accións a realizar polo Parlamento de Galicia no seu programa de divulgación sobre as consecuencias do “Cambio Climático” e de “Educación Ambiental”, co que se pretende remarcar o fomento do valor e importancia da Biodiversidade, e en particular dos medios forestais, e poñer o acento na necesidade de conservar a riqueza natural máis próxima.

## **Colaboración co Centro de Formación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural.**

O Parlamento de Galicia destaca a importancia da colaboración con entidades galegas que teñen por obxecto a formación profesional de mozos/as. Por iso a execución do proxecto conta coa colaboración do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural e coa axuda técnica que poidan prestar os alumnos e mestres desta institución.

## **A importancia da conservación da Biodiversidade.**

Segundo a Convención sobre a Biodiversidade Biolóxica da UNESCO, as plantas son fundamentais para a vida, con grande importancia económica e cultural, proporcionando alimento, medicina, combustible e roupa e abrigo. No ano 2002 aprobábase “a Estratexia Global para a Conservación Vexetal” pola Conferencia das Partes de Conservación sobre Diversidade Biolóxica. Foi no ano 1992 cando se firmou en Río de Janeiro o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica durante o Cumio da Terra.



A diversidade biolóxica, ou biodiversidade, é o termo polo que se fai referencia á ampla variedade de seres vivos sobre a Terra e os patróns naturais que o conforman. A diversidade biolóxica que observamos hoxe é o froito de miles de millóns de anos de evolución, moldeada por procesos naturais e, cada vez máis, pola influencia do ser humano. Esta diversidade forma a rede vital da cal somos parte integrante e da cal todos dependemos. Entendese por diversidade a ampla variedade de plantas, animais e microorganismos existentes. Ata data de hoxe, téñense identificado un 1.75 millóns de especies, e os científicos recoñecen que en realidade poden existir cerca de 13 millóns, se ben as estimas varían entre 3 e 100 millóns de especies.

Na actualidade o planeta enfróntase unha das taxas de extinción e de perda de hábitats que non foron coñecidas con anterioridade a nivel planetario. Hoxe extínguense sobre unha 40.000 especies ao ano, e o século XX experimentou debido ao deterioro ambiental unha taxa de extinción de 40 a 1000 veces maior que a taxa espontánea. Algúns estudos científicos conclúen que as consecuencias do cambio climático sobre a biodiversidade poden dar lugar a desaparición de entre o 15% ao 37% das especies de flora e fauna na primeira metade deste século.

Das máis de 270.000 especies coñecidas de plantas vasculares, entre 60.000 a 100.000 están ameazadas e 34.000 están en perigo de desaparición mundial.

**En Galicia estimase a presenza dunhas 2200 especies de plantas vasculares, das cales unhas 600 especies poden considerarse raras ou ameazadas.**

Principais factores de ameaza contra a diversidade vexetal:

- A agricultura e a silvicultura que causan cambios do terreo
- Os efectos de actividades comerciais e económicas
- A introdución de especies vexetais exóticas
- A destrución de hábitats
- O cambio climático

### **O Xardín Autóctono: o valor da Biodiversidade**

O Parlamento de Galicia, quere facerse eco tamén desta preocupación, e nace polo tanto a idea dese "*compromiso de futuro*" pola conservación do seu patrimonio natural e paisaxístico, e na procura de promover a responsabilidade de todos/as os galegos/as pola conservación da biodiversidade biolóxica, a súa paisaxe, e o seu territorio.

A Cámara dedicará o seu xardín ás especies vexetais autóctonas e as súas paisaxes, e en particular ás formacións de matogueira -en Galicia integradas por especies coma o toxo e as uces-, que teñen un papel ecolóxico fundamental para evitar a perda e erosión de solos, tardando miles de anos en formarse e poucos días en destruírse e desaparecer. O mato xoga un papel protagonista na fixación do nitróxeno da atmosfera, favorecendo a fertilización do solo, e evita o proceso de desertización das ladeiras das nosas montañas.

Esta acción alerta da problemática que supón as veces a introdución aleatoria de especies exóticas e invasoras para o conxunto da biodiversidade local dun territorio.

Como actividades complementarias para a execución deste xardín, desenvolverase un **programa educativo e interpretativo** ao redor da proposta do “Xardín Autóctono” para divulgar e concienciar da necesidade de conservar a diversidade biolóxica e a paisaxe.

Procedeuse á elección dunha serie de plantas representativas do medio natural galego, onde cada especie foi escollida tendo en conta o seu grado de representatividade con relación a paisaxes e espazos naturais de Galicia, ademais de poder contar cun valor ornamental apreciable.

O Xardín Autóctono identifica **14 espazos ou paisaxes típicas do medio natural galego**, por medio das especies vexetais seleccionadas, coma representación das principais áreas do territorio galego que albergan boa parte do patrimonio da diversidade biolóxica e paisaxística de Galicia.

### Espazos naturais galegos representados

#### 1) A Abeleira (*Corylus avellana*): A Ribeira Sacra

O canón do Sil na Ribeira Sacra conforma o máis importante desfiladeiro fluvial galego, onde o río Sil baixa ao longo de varios quilómetros encaixado por unha orografía con ladeiras que presentan entre 300 e 500 metros de altura.

#### 2) O Acivro (*Illex Aquifolium*): O mosteiro de Acibeiro e a Serra do Candán.

Non sorprende a denominación para este mosteiro, xa que os bosques que medran en varias ladeiras da Serra do Candán, considerados dos máis grandes do occidente galego, contan cunha abundante presenza de acivros que se estenden a modo de importantes bosquetes ao longo do nacemento do Deza, Umia e do Lérez.

#### 3) O Capudre/Cancereixo/escornabois (*Sorbus aucuparia*): O aveseado de Donís, na Serra dos Ancares.

Na Serra dos Ancares atópase o que é o bosque máis grande de Galicia, coñecido coma o “avesedo de Donís”. Un bosque ateigado de carballos, castiñeiros, abeleiras, bidueiros, e tamén moi abundante en capudres.

#### 4) O Castiñeiro (*Castanea sativa*): O Castiñeiro de Pumbariño. Os castiñeiros centenarios galegos.

O Castiñeiro de Pumbariño é unha árbore milenaria que medra nas Terras de Trivés e Manzaneda no souto de Rozabales. Trátase dun impresionante e enorme exemplar que oficialmente mide entre 12 a 15 metros de perímetro, e para o que fan falta unhas dez persoas para arrodealo. Din que é o castiñeiro datado máis vello que hai en Galicia, estimándose nuns mil anos a súa idade.



**5) A Cerdeira (*Prunus avium*): A Cerdeira de acios do Bosque de Ridimoas. A Cerdeira picuda de Beade.**

O "*Bosque de Ridimoas*" é un espazo forestal autóctono recuperado na ribeira do lugar de Ridimoas, en Ribadavia, que ten o seu comezo alá polo ano 1988 cando se funda a *Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas*, que nace coa intención de mercar terras para crear un refuxio forestal e de fauna, e co ánimo de difundir a importancia da conservación e recuperación dos bosques autóctonos.

**6) O Cerquiño (*Quercus pyrenaica*). O Mosteiro de Carboeiro. O carbón dos mestres e dos xastres.**

A leña de cerquiño destaca polas súas calidades caloríficas e que proporcionaban un carbón vexetal de excelente calidade, e polo tanto moi apreciado na fabricación deste tipo de carbón.

O mosteiro beneditino de San Lourenzo de Carboeiro situado ao pé do río Deza no Concello de Silleda foi fundado no século X, e xa nos textos primitivos do baixo medievo recóllense varios topónimos que relacionan esta abadía co oficio dos carboeiros.

**7) O Érbedo (*Arbutus unedo*): O mediterráneo galego na Serra da Enciña da Lastra.**

A Serra da Lastra é unha das zonas de Galicia onde podemos atopar as maiores extensións de érbedos de Galicia, formando pequenos bosques que medran asociados a outros máis grandes de aciñeiras e sobreiras.

A Serra da Enciña da Lastra é un dos seis Parques Naturais cos que conta Galicia, e o de máis recente creación sendo aprobado no ano 2002.

**8) O estripeiro (*Crataegus monogyna*): As Illas Malveira.**

Situadas no sub-arquipélago de Cortegada, no interior da Ría de Arousa, este conxunto forma parte das illas que integran o "*Parque Nacional das Illas Atlánticas*". Constituída por dúas pequenas illas, a Malveira Grande e Malveira Chica, e o illote da Illa das Cabras, que suman no seu conxunto unha superficie de 5,5 hectáreas. A Malveira Grande está rodeada de area en toda a súa parte sur, mentres que a norte predominan a costa e fondos de arrecife rochoso.

**9) A faia (*Fagus sylvatica*): O faial de Pintinidoira e o de Fonteformosa.**

Situado nas proximidades da Serra dos Ancares, entre os concellos de Cervantes e As Nogais sitúase a serra de Pintinidoira, preámbulo dos Ancares e un pouco máis ao sur o de Fonteformosa, en Pedrafita do Cebreiro, constituíndo ámbolos dous os faias máis suroccidentais de Europa.

**10) Fento femia (*Athyrium filix-femina*), Fenta (*Blechnum spicant*) e Detambrú ou Fento Real (*Osmunda regalis*): O bosque atlántico e a vexetación tropical das Fragas do Eume.**



A biodiversidade de especies de flora e fauna que alberga o Parque Natural das Fragas do Eume fai deste lugar unha das principais áreas de riqueza biolóxica de toda Galicia. Cabe salientar a presenza de 7 especies de fentos típicos de climas subtropicais, con distribución restrinxida ás Illas Macaronésicas (Madeira, Azores, Canarias) e que sen embargo medran coma auténticos "*fósiles viventes*" nas Fragas do Eume, e cunha orixe que se remonta o período da Era Terciaria entre hai 65 e 1,6 millóns de anos.

### **11) A sobreira (*Quercus suber*): O sobreiral do Río Arnego.**

Disposto ao longo do treito inferior do río Arnego, tributario do río Ulla, e entre os concellos de Vila de Cruces, Agolada e Lalín, atópase o que é o sobreiral máis grande do norte da Península Ibérica.

Reprodúcese no Sobreiral do río Arnego e nalgúns puntos do interior de Ourense, chegan tódolos anos na primavera descortizadores que compran e sacan artesanalmente a cortiza.

### **12) O teixo (*Taxus baccata*): O Teixadal de Casaio.**

Bosque único de teixos considerado o mellor conservado da Península Ibérica, sendo un vestixio de bosques de períodos climáticos máis fríos que predominaron fai miles de anos, no período Terciario, e superando as grandes glaciacións. No Teixadal consérvanse máis de 500 grandes teixos, que se dispoñen ao longo da cabeceira do río San Xil, xunto a outras especies forestais conformando un bosque mixto de cerquiños, capudres, bidueiros e acivros.

### **13) A matogueira, Toxo Arnal (*Ulex europaeus*) e Queiruga ou Uz moura (*Erica australis*): As Illas Sisargas. A importancia das matogueiras atlánticas.**

Os cantís da costa galega están ocupadas por extensas superficies de vexetación de mato, na que o toxo atlántico galego, un endemismo da costa norte de Portugal e da fachada atlántica galega, predomina xunto coas uceiras. Conforman un tipo de hábitat de especial relevancia ecolóxica, xa que as matogueiras máis expostas ao rigor do mar dan lugar a formacións de carácter estritamente costeiras condicionadas pola influencia dos ventos mariños salgados.

### **14) As plantas acuáticas, Brizo (*Nasturtium officinale*), Narciso (*Narcissus sp.*) e Ranúnculo (*Ranunculus sp.*): Os humidais Galegos.**

Galicia conta con 1.600 km de costa, e a súa rede de ríos suman máis de 30.000 Km de correntes de auga doce, polo que podemos dicir que este territorio conta cunha moi importante superficie de humidais e ecosistemas variados asociados a auga. Estes ecosistemas albergan flora e fauna especializada e adaptada a ambientes con condicións moi variables, e de aí que sumen un importante conxunto de especies. Posúen unha elevadísima produtividade biolóxica, e son unha fonte moi importante de reserva e almacenamento de auga.



### Accións de fomento e divulgación da biodiversidade e da concienciación en valores ambientais e participación cidadá.

“O Xardín autóctono: O valor da biodiversidade”, é aproveitado coma importante recurso didáctico e de divulgación para a sensibilización sobre a protección e conservación do noso patrimonio natural desenvolverá as seguintes accións:

- 1) **Refuxio de anfibios**, co establecemento dun estanque de auga e unha área óptima para a presenza de determinadas especies.
- 2) Instalación de **caixas niño para aves e morcegos**, no arboreto do xardín.
- 3) Placas con información sobre as características de cada unha das especies e dos espazos aos que se fan mención dispostas ao longo do xardín.

### Accións relacionadas co patrimonio cultural do monte galego.

Con vistas a complementar o “Xardín Autóctono” e reforzar o simbolismo desta proposta no ámbito do patrimonio cultural galego, incorporárase no deseño do xardín a reprodución dun pequeno túmulo que represente unha “*mámoa*”, en homenaxe a todo o patrimonio arqueolóxico galego e coma xesto para concienciar da necesidade da protección dos valores arqueolóxicos e culturais.

### Localización da intervención.


O “Xardín Autóctono: o valor da Biodiversidade” contempla varias accións a desenvolver nun espazo localizado nos xardíns situados na fachada principal do edificio do Parlamento, entre a escalinata da porta principal do Parlamento e a torre do edificio que fai esquina entre a rúa do Hórreo e a rúa Ramón Piñeiro.





Lenda dos elementos do Xardín Autóctono: O valor da biodiversidade

- Estanque de auga
- Localización novas árbores e plantas autóctonas
- Localización das árbores e plantas actuais
- Reproducción dunha Mámoa
- Caixas niño para aves e morcegos
- Escultura de Antonio García Patiño: Sen título
- Escultura Elena Colmeiro: Sen título
- Escultura de Victor Corral: Pomba da Paz




Distribución do arboreto do Xardín Autóctono

Especies actualmente presentes :

- a. Cordilene
- b. Ciprés de Lawson
- c. Acivro
- d. Palmeira de Canarias
- e. Cedro do Líbano

Novas especies a introducir :

- 1. Abeleira
- 2. Cerdeira
- 3. Faia
- 4. Cancereixo
- 5. Castiñeiro
- 6. Sobreira
- 7. Érbedo
- 8. Acibro
- 9. Arando
- 10. Teixo
- 11. Estripeiro
- 12. Cerquiño
- 13. Fentos e vexetación acuática (ranúnculo, lentella auga, brizo, narciso)
- 14. Matogueira ( toxo, uz moura)



Cadro resume coas diferentes accións propostas para o "Xardín Autóctono: O valor da biodiversidade".